



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 2	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 23.02.2017	CARACTER: EXTRAORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 08:30 HORAS	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE (PSdeG - PSOE)

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRIGUEZ GONZÁLEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTERVENTORA

NON ASISTE:

D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
---------------------------------	----

Antes de pasar a tratar o único punto da orde do día, o sr. Alcalde dá a benvida ó salón de plenos dos alumnos de administrativo do IES A Sangriña e anuncia que se vai gardar un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero da última semana.

PUNTO ÚNICO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTAS E APROBACION DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2017.

“Visto que con data 21 de decembro de 2016 o Pleno da Corporación aprobou o orzamento municipal para o exercizo 2017, procedéndose a súa exposición ó público polo prazo de 15 días, en cumprimento do artigo 169.1 do Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, previo anuncio no Taboleiro de Anuncio do Concello e no Boletín Oficial de Pontevedra nº 249 de data 30.12.2016.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Visto que, durante o prazo concedido para elo, presentáronse as seguintes alegacións:

- *Alegación presentada por Dna. M^a Concepción Ortega Martinez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular (RE nº 321 de data 20.01.2017)*
- *Alegación presentada por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro (RE nº 434 de data 25.01.2017)*

Visto que pola Intervención e Secretaría municipal se emitiron informes ó respecto cuio contido figura no expediente, esta Alcaldía PROPÓN Ó PLENO a adopción do seguinte acordo:

1.- Inadmitir as alegacións presentadas ó orzamento municipal para o exercizo 2017 por falta de lexitimación activa dos alegantes.

2.- Aprobar definitivamente o orzamento municipal para o exercizo 2017, procedéndose, en cumprimento do artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, a súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra resumido por capítulos.

A Guarda, 20 de febreiro de 2017.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz"

DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira fai a seguinte intervención que se transcribe textualmente:

"Bos días a todos e todas, benvidos os alumnos e o profesor do ciclo superior de Administración e Finanzas do IES A Sangriña. Nesta primeira intervención me gustaría expoñer varias cuestións:

En primeiro lugar, penso que é fundamental para o pobo da Guarda non seguir prorrogando uns orzamentos que veñen do ano 2015, ou que a non aprobación destes orzamentos nos leven a outras situacións que seguramente non nos van a levar a ningures e únicamente ocasionarían gastos as arcas municipais.

Que estos non son os orzamentos desexados para o noso pobo, xa dixen no pleno de decembro que non, que son uns orzamentos continuistas e que precisamos dunha política máis activa, de máis capacidade de negociación con outras administracións e mais miras de cara o futuro, que é o futuro xa non de nos, senón destes rapaces que están hoxe aquí e dos que veñan detrás. Que precisamos dun mantemento axeitado e de novas dotacións, dunha mellor xestión e dunha serie de esforzos por poñernos o día e a altura do que o noso municipio merece.

En segundo lugar, teño que dicir que me pode preocupar mais, e seguro que os veciños tamén, que se faga unha máis xusta asignación de subvencións a entidades, falando da alegación presentada polo Partido Popular, que, que unha persoa que preside unha asociación ou está na directiva dunha asociación sexa concelleira e vote un orzamento, xa que entendo, que é máis importante o todo que unha partida destinada a unha asociación. polo tanto me parece dar un paso atrás no activismo asociativo, tan importante na nosa vila, e máis, que se utiliza unha parte, para impedir un todo.

De todolos xeitos, e sen acritude quero decirlle a concelleira de cultura, a Elena Baz algo o que se referiu un concelleiro na comisión de asuntos económicos, e que o meu parecer é ético e sensato, ou a lo menos pode aforrar problemas, que é deixar de figurar na



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

presidencia da asociación, dar un paso atrás, algo que non é complicado facelo e que pode ser temporal, porque delegar tampouco é malo e se pode traballar igual, ca mesma intensidade, e máis aínda cando se está no grupo de goberno. Pero en fin, eso é unha cuestión persoal, ou non, según como se trate e vistos os acontecementos.

O que si, o meu parecer, foi pouco afortunado son os titulares aparecidos na prensa en relación a este tema por parte do Partido Popular e do grupo de Goberno, que xa non é a primeira vez que ocorre por distintas situacións, uns titulares que, nin vos favorecen a vos, nin a todos nos, a corporación que estamos hoxe aquí, e o peor de todo, nin as asociacións da vila, porque se está a trasladar moita crispación.

En relación a segunda alegación quería facer unha pregunta a interventora: se está cumprindo co pago das indemnizacións da responsabilidade patrimonial ata o de agora?. Pois de momento non teño máis que decir.”

O sr. Rodriguez Fariñas di que gran parte do que ía dicir el xa o dixo a concelleira non adscrit e engade que non se lles está permitindo votar por separado a cada unha das alegacións e pide que se separe a proposta en dous puntos para poder votar por separado.

O sr. Baz Vicente di que na Comisión de Asuntos Económicos xa se falou de ética, legalidade, coherencia...cre que os informes falan por si mesmos e son moi clarificadores. Anuncia que o BNG vaise abster.

A sra. Ortega Martínez di que no seu día votaron en contra dos orzamentos porque non se cumpría ningunha das súas demandas nin mocións aprobadas, e nin siquiera se orzamentan. Di que, tal e como están os orzamentos, as subvencións van a seguirse dando sen baremo. Sinala que non hai partida para o transporte metropolitano, non se contempla a redución do IBI para familias numerosas, non se elabora unha ordenanza para o GES, non hai partida da emerxencia social, non hai unha partida para facer unha política activa de emprego; por esto, consideran que estes orzamentos non cubren as necesidades dos veciños. Respeto das alegacións di que xa dixo o suficiente na Comisión de Contas, pero recorda que fixo unhas preguntas á interventora sobre os reparos naquela sesión e non lle permitiron contestar. Respecto das alegacións do Sr. Abeleira preguntou naquela sesión se había partida para facer fronte as indemnizacións. Por último quere deixar claro que o Partido Popular non prohibe as subvencións, simplemente se fai eco do que di a interventora nos seus informes de reparo e di que a solución é moi sinxela.

A sra. Magallanes Alvarez explica que a asociación San Vicente de Paul (a que fixo referencia á sra. Ortega Martínez á hora de poñer exemplos de mala xestión das subvencións) renunciou voluntariamente á subvención nominativa. Agradece o posicionamento dalgún grupo político. Di que a propia Lei establece quen pode presentar alegacións ó orzamento, e segundo os informes de secretaría e intervencións, nesta ocasión hai que inadmitir as alegacións presentadas precisamente pola falta de lexitimación activa.

O sr. Español Otero dille á portavoz do Partido Popular que parece que non leu os informes emitidos. Di que esta é a décima lexislatura da democracia recente e di que nunca se produciu un feito coma este que está a protagonizar o Partido Popular: está a utilizar “triquiñuelas” para intentar deslexitimar o acordo democrático acadado pola maioría da corporación para aprobar os orzamentos. Di que o Partido Popular tenta anular as facultades que o pobo da Guarda, a Constitución e as leis lle outorgan os concelleiros para votar libremente e asociarse libremente. Di que coa súa actuación está a levar a cabo un ataque



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

directo ó movemento asociativo. Lle pide que no futuro reconsidere este tipo de actuacións. Di que os que idearon estas alegacións ós orzamentos non cre na representación democrática dos concellos. Recorda que ninguén puxo en tela de xuízo á lexitimidade de Alonso Riego para outorgar subvencións ó Sporting Guardés do que era presidente, nin a súa propia cando era presidente da Asociación Pedra Furada.

A Sra. Iglesias Ferreira fai seguinte intervención que se transcribe literalmente:

“Gustaríame xustificar o meu posicionamento e que se me contestase pola interventora de palabra a pregunta que fixen: se están cumprindo o pago das indemnizacións ata o de agora? pero de palabra, porque afirmando ca cabeza creo que non constará en acta”

A sra. Interventora di que o que lle chega ó seu departamento si que se están pagando pero descoñece as indemnizacións que poida haber pendentes.

A sra. Iglesias Ferreira continua a súa intervención textual:

“Vou posicionarme e digo que para min os informes técnicos son importantes, que para algo os pedimos, por eso quero que conste en acta o seguinte: que en base os informes emitidos por: D. Jose Carlos Martínez Crespo, secretario accidental do concello da Guarda de data 31 de xaneiro de 2017 en relación os orzamentos para o exercicio 2017, o informe xurídico asinado por D. Carlos Potel Alvarelos en relación o asunto Reclamación durante o trámite de exposición ao público da aprobación inicial dos orzamentos municipais para o 2017 como reclamante D. Eulogio Abeleira Cabaleiro de 6 de febreiro de 2017, o informe de Intervención emitido por Dna. Ana Llorca Maneiro sobre as alegacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento do concello da Guarda para o exercicio 2017 de 9 de febreiro de 2017 e o informe de D. Jose Carlos Martínez Crespo, vista alegación presentada contra os orzamentos municipais para o exercicio 2017 de 13 de febreiro de 2017, como concelleira, aparada polos informes técnicos sinalados, vou apoiar a aprobación definitiva dos orzamentos para o exercicio 2017, para o que tamén quero que consten os acordos e compromisos adquiridos polo grupo de goberno con esta concelleira no caso de que estes prosperen.”

O sr. Rodriguez Fariñas di que a intervención do Sr. Español Otero recordoulle á época clandestina. Aclara que o problema da Asociación San Vicente de Paul ven dado por ser unha asociación de ámbito nacional e se lles facía difícil obter certa documentación da central; pide que se lle dea a San Vicente de Paul o mesmo trato que se lle está dar ó Coro Parroquial da Guarda. Dille ó Alcalde que non lle contestou a súa petición de separar as alegación para poder votalas por separado. Di que, vista a postura do BNG e da concelleira nos adscrita, xa non fai falta que lle conteste e que el tamén se vai abster aínda que considera que A Guarda necesita uns orzamentos que non sexan prorrogados.

O sr. Baz Vicente di que agora só toca falar das alegacións ós orzamentos, non dos orzamentos en si, xa que eses orzamentos xa foron votados.

A sra. Ortega Martínez di que é mentira que o Partido Popular esté usando triquiñuelas para non permitir a aprobación dos orzamentos porque se no pleno de aprobación inicial dos orzamentos a concelleira Sra. Baz Rodriguez se abstivera na votación (como ela pediu), se houberan aprobado igualmente co voto de calidade do Alcalde. Sinala que o caso de Xamaraina é diferente ós demais porque usa un local público pero cobra recibos. Di que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

agora xa se sabe quen está en cada lado. Considera que o Sr. Alcalde actuou con soberbia no pleno de aprobación inicial dos orzamentos.

O sr. Alcalde lle contesta que non actuou con soberbia cando decidiu non quitarlle o dereito ó voto a unha concelleira e así o demostran os informes. Cre que houbera sido moito máis grave impedirlle a un concelleiro exercer o seu dereito. Por esto lle pide á concelleira que se retracte das súas palabras.

A sra. Ortega Martinez di que se retracta da palabra soberbia.

VOTACIÓN.

Sometida a proposta á votación é aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR (8): Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez e Iglesias Ferreira. (OITO VOTOS A FAVOR)

VOTOS EN CONTRA (4): Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Rolán Acevedo e Alonso Alvarez (CATRO VOTOS EN CONTRA).

ABTENCIÓNS (4): Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Rodriguez Fariñas (CATRO ABSTENCIÓNS)

Non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión ás 09:20 minutos do día da data, da que eu como secretario dou fe.